



XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución do 8 de xullo de 2020 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Viveiro. (Expediente IN407A 2019-41AT)

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Solicitante: Barras Eléctricas Galaico-Asturianas S.A
- Domicilio Social: Polígono empresarial As Gándaras- parcela U2-rúa Aller Ulloa, Ramón María, n.º 9, 27003 Lugo.
- Denominación: "SUSTITUCIÓN DEL CT 746 AREA ELEVADOR"
- Situación: concello de Viveiro
- Características técnicas:
 - Liña soterrada de alta tensión 20Kv Viveiro 3 con orixe nunha conversión aéreo a soterrada no apoio A95071 e final no CT Prefabricado semienterrado proxectado, cunha lonxitude de 30 metros en condutor tipo RHZ1-240mm.
 - Liña soterrada de alta tensión 20Kv Aluminio con orixe nunha conversión aéreo a soterrada no apoio A95071 e final no CT Prefabricado semienterrado proxectado, cunha lonxitude de 30 metros en condutor tipo RHZ1-240mm.
 - Liña soterrada de alta tensión 20Kv Espiñeirido 2 con orixe nunha conversión aéreo a soterrada no apoio A95071 e final no CT Prefabricado semienterrado proxectado, cunha lonxitude de 30 metros en condutor tipo RHZ1-240mm.
 - Centro de Transformación prefabricado semienterrado Area Elevador Telemandado, cunha potencia máxima admisible de 630KVA e unha potencia inicial de 100Kva, relación de transformación 20.000/400-230V, no cal se instalan tres celas de liña e unha de protección.
 - Liña soterrada de baixa tensión do CT Area Elevador, formada por dous circuitos, con orixe no cadro de baixa do CT Area Elevador e final nas RBT´s existentes, cunha lonxitude de 40 metros en condutor RV-240.
 - Desmontaxe do CT Area elevador existente e demolición da caseta de obra civil.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, no Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproba o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias e na Resolución de 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 de 19 de marzo), así como na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan dos Decretos 135/2017 do 28 de decembro, polo que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve**:

Conceder a autorización administrativa previa e de construción a ditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no seu proxecto e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 8 de xullo de 2020.- A Xefa Territorial, Pilar Fernández López.

R. 1535

CONCELLOS

ABADÍN

Anuncio

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.

Asunto: DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Visto que mediante decreto Número 2019-0253 de data 25/06/201 esta Alcaldía Resolveu delegar na Xunta de Goberno Local o exercizo de determinadas atribucións; entre outras, en materia de Gastos e Ingresos.

Visto que mediante Decreto Número: 2020-0146 de data: 30/04/2020, e como consecuencia da situación de pandemia por "COVID-19" e Declaración do Estado de Alarma polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, resolvín a avocación das competencias asumidas pola Xunta de Goberno Local, en virtude do disposto na citada Resolución desta Alcaldía de delegación de atribucións Número: 2019-0253 de data: 25/06/201, para o exercizo das seguintes competencias en materia de Gastos e Ingresos:

E). En materia de gastos:

1.- Aprobación da autorización e disposición de gastos de competencia da Alcaldía, exceptuando:

- Os gastos derivados de haberes e retribucións nominativas do persoal municipal de toda clase (nos que se inclúen as retribucións nominativas dos membros da Corporación).

- Os gastos derivados da cotización á Seguridade Social.

- Os gastos derivados da liquidación trimestral en concepto de IRPF e IVE.

-Os gastos derivados da subministración e servizos periódicos, servizos telefónicos, enerxía eléctrica e similares, que se liquiden de acordo con tarifas oficialmente aprobadas.

-Os gastos derivados de cantidades específicas e nominativamente consignadas no orzamento a favor de persoas, entidades ou servizos determinados.

-Os gastos derivados dos intereses e amortizacións de préstamos, así como os contratos de transporte a portes debidos.

-os gastos derivados das anualidades ou mensualidades correspondentes a contratos de xestión de servizos públicos, contratos de servizos, e subministracións menores de material de oficina, publicacións, anuncios e outro material non inventariable.

-tódolos demais gastos de tracto sucesivo.

- Os gastos de calquera clase cuxa contía sexa inferior a 3.000,00 euros.

2.- Aprobación do recoñecemento de obrigas en tódolos supostos en que a autorización e compromiso do gasto fora delegado na Xunta de Goberno Local.

F). En materia de ingresos:

1. A aprobación de Padróns, Matrículas e Listas cobratorias de Impostos Municipais, Taxas e Prezos Públicos

2. A aprobación de liquidacións de ingresos directos derivados de licenzas e autorizacións delegadas na Xunta de Goberno Local.

3. Os acordos relativos a baixas de suxeitos pasivos, devolucións de ingresos indebidos, duplicados, etc., derivados das competencias delegadas na Xunta de Goberno Local.

Tendo en conta o disposto no Real Decreto 555/2020, de 5 de xuño, polo que se prorroga ol estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para la xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada pola COVID-19, que mantuvo os efectos de éste ata as 00:00 horas do pasado día 21 de xuño de 2020.

No exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e os artigos 43 e 44 e 114 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Delegar na Xunta de Goberno Local o exercicio das seguintes atribucións:

E). En materia de gastos:

1.- Aprobación da autorización e disposición de gastos de competencia da Alcaldía, exceptuando:

- Os gastos derivados de haberes e retribucións nominativas do persoal municipal de toda clase (nos que se inclúen as retribucións nominativas dos membros da Corporación).

- Os gastos derivados da cotización á Seguridade Social.

- Os gastos derivados da liquidación trimestral en concepto de IRPF e IVE.

-Os gastos derivados da subministración e servizos periódicos, servizos telefónicos, enerxía eléctrica e similares, que se liquiden de acordo con tarifas oficialmente aprobadas.

-Os gastos derivados de cantidades específicas e nominativamente consignadas no orzamento a favor de persoas, entidades ou servizos determinados.

-Os gastos derivados dos intereses e amortizacións de préstamos, así como os contratos de transporte a portes debidos.

-os gastos derivados das anualidades ou mensualidades correspondentes a contratos de xestión de servizos públicos, contratos de servizos, e subministracións menores de material de oficina, publicacións, anuncios e outro material non inventariable.

-tódolos demais gastos de tracto sucesivo.

- Os gastos de calquera clase cuxa contía sexa inferior a 3.000,00 euros.

2.- Aprobación do recoñecemento de obrigas en tódolos supostos en que a autorización e compromiso do gasto fora delegado na Xunta de Goberno Local.

F). En materia de ingresos:

1. A aprobación de Padróns, Matrículas e Listas cobratorias de Impostos Municipais, Taxas e Prezos Públicos

2. A aprobación de liquidacións de ingresos directos derivados de licenzas e autorizacións delegadas na Xunta de Goberno Local.

3. Os acordos relativos a baixas de suxeitos pasivos, devolucións de ingresos indebidos, duplicados, etc., derivados das competencias delegadas na Xunta de Goberno Local.

SEGUNDO.- Comunicar á Xunta de Goberno Local a presente Resolución de delegación de atribucións na seguinte sesión que se celebre.

TERCEIRO.- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia, sen perxuízo de que surta efectos desde o mesmo día da súa sinatura, de conformidade co disposto no artigo 44.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Igualmente publicarase no taboleiro de edictos da Casa do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica aloxada na páxina web municipal.

CUARTO.- Dar conta ao Pleno do Concello a efectos de que quede enterados do seu contido, de conformidade co establecido no artigo 44.4 en relación con el 38 d) del Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Abadín, 9 de xullo de 2020.- O alcalde, José María López Rancaño; a secretaria, María del Carmen Rábade Teijeiro.

R. 1560

LUGO

Anuncio

ANUNCIO DE COBRANZA

Faise saber que ó abeiro da Ordenanza Fiscal Xeral o enderezo fiscal de cada contribuínte é único perante o Concello de Lugo e coincidirá co de empadramento, salvo notificación expresa ao Concello doutro diferente. Ó citado enderezo fiscal remitiránse todos os recibos do contribuínte.

Asimesmo faise saber ós contribuíntes e interesados de que a partir do vindeiro 20 de xullo e ata o 21 de setembro do ano 2020, ambos inclusive, pónse o cobro, en prazo voluntario, o padrón de subministración de auga e IVA s/seu consumo, recollida de lixo, sumidoiros, aluguer de contador e canon da auga correspondente ó segundo trimestre de 2020

Para o cobramento do mesmo, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, éstos seránlles cargados nas contas bancarias respectivas o día 05 de agosto de 2020

Para o resto dos contribuíntes, os documentos de cobro seránlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectua-lo pago en calquera oficina de Abanca, Caixabank, BBVA e Banco Sabadell. No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais, sitas na Ronda da Muralla Nº197-planta baixa (Negociado de Augas), para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectua-lo pagamento das débedas, poderase realizar o mesmo incrementado cun 5% de recargo executivo ata o día 20 de outubro de 2020, utilizando o mesmo recibo, en calquera das oficinas de Abanca, Caixabank, BBVA e Banco Sabadell; todo isto sen prexuízo de que se poida iniciar o procedemento de constrinximento, co recargo, xuros e custas que se poideran producir

A falta de pago no periodo voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, deberá indicarse que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria

Lugo, 8 de xullo de 2020.- A TENENTA DE ALCALDESA DA ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 1536

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data do 03.07.2020, aprobouse o padrón fiscal correspondente ó mes de xuño de 2020 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 292,08 €, e Programa Básico de Axuda no Fogar polo importe de 410,79 €.

Por medio do presente expónse ó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Negueira de Muñiz, 3 de xullo de 2020.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 1537

AS NOGAIS

Anuncio

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 1 de xuño de 2020, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 3/2020 na modalidade de transferencia de crédito entre distinta área de gasto que non afecta a baixas e altas de créditos de persoal, o que se publica aos efectos do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo. O citado acordo plenario queda elevado automaticamente a definitivo ao non presentarse reclamación algunha no prazo de exposición ao público.

As Nogais, 14 de xullo de 2020.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 1538

OUROL

Anuncio

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria celebrada o día tres de xullo de dous mil vinte, aprobou as Bases reguladoras para a convocatoria de axudas transporte ao alumnado do concello de Oural que realice estudos fóra do termo municipal (Curso Académico 2019-2020), que literalmente son as que seguen:

BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS TRANSPORTE AO ALUMNADO DO CONCELLO DE OUROL QUE REALICE ESTUDOS FORA DO TERMO MUNICIPAL (CURSO ACADÉMICO 2019-2020).

1. OBXECTO E FINALIDADE DAS AXUDAS.

Convocatoria de concesión de axudas económicas individuais destinadas a sufragar gastos de desprazamento daqueles/as alumnos/-as do Concello que estudan fóra do termo municipal durante o curso 2019-2020.

2. BENEFICIARIOS/-AS.

Poderán ser beneficiarios/-as destas axudas aqueles xoves do Concello de Oural que estean cursando Bacharelato ou algunha modalidade de ciclos formativos de grao medio ou superior e graos, masters, teses ou doutorados universitarios, agás os realizados na modalidade de formación a distancia ou online.

Quedan excluídos aqueles cuxo transporte xa estea subvencionado ou teña carácter gratuito.

3. REQUISITOS.

Serán requisitos necesarios para a concesión de axudas:

3.1.-Estar empadroadado no Concello de Oural

3.2.-Figurar matriculado no curso académico 2019-2020 en centros de ensinanza financiados con fondos públicos nos que se cursen os estudos relacionados na base 2.

4. TIPO DE AXUDAS.

Os xoves que cumpran os requisitos anteriormente mencionados serán beneficiarios/as dunha axuda económica de pagamento único, sendo esa cantidade idéntica para cada beneficiario/-a, segundo a quilometraxe na que estea incluído. A cantidade concedida será aprobada posteriormente en Xunta de Goberno Local con arranxo aos seguintes criterios.

- De 1km. a 15 km 120 euros
- De 15km. a 50km..... 150 euros
- De 50km. a 175km..... 200 euros
- De máis de 175km..... 250 euros

Para a concesión destas axudas está reservada a aplicación orzamentaria 323.480 do orzamento municipal do exercicio 2020.

5. SOLICITUDES, DOCUMENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN DA AXUDA.

As solicitudes formularanse mediante instancia subscrita polo/a interesado/a segundo o modelo oficial que será distribuído aos/as interesados/as que así o desexen no Rexistro Xeral do Concello de Oural dentro do prazo indicado, aportando a seguinte documentación:

- 1.- Solicitud debidamente cumprimentada e asinada polo interesado (se é menor de idade, polo seu pai, nai ou titor).
- 2.- Fotocopia do DNI do/a solicitante debidamente cotexado co seu orixinal.
- 3.- Certificación bancaria da conta corrente do interesado, no seu caso.

Xustificación para o cobro da axuda.

A documentación a aportar será a seguinte:

1. Para os/ as alumnos/as universitarios:

1.1.-Fotocopia da matrícula cotexada co seu orixinal.

1.2.-Extracto do expediente universitario ou certificación do centro académico de terse presentado polo menos ao 50% das materias correspondentes á matrícula do curso 2019-2020.

1.3.- Documentación que acredite a localidade onde se están a cursar os estudos.

2.Para os/as alumnos/as de Bacharelato ou Formación profesional:

2.1.- Fotocopia cotexada do boletín de cualificacións ou certificación académica expedida polo centro ou certificación do centro de terse presentado polo menos ao 50% das materias correspondentes á matrícula no curso 2019-2020.

6.LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes e a documentación requirida presentarase no rexistro xeral do Concello de Oourol. O prazo de presentación de solicitudes e demais documentación xustificativa da axuda, é de 15 días naturais, que se computarán a partir do día seguinte ao da publicación das bases desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Se o último día de presentación das solicitudes coincidise en sábado, domingo ou festivo prorrogarase o prazo ata o primeiro día hábil seguinte.

7.PUBLICIDADE.

A presente convocatoria de axudas publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios do Concello.

De non presentarse alegacións, ou no caso de que este trámite non fose necesario con arranxo ao parágrafo anterior, a proposta de resolución terá automaticamente o carácter de proposta de resolución definitiva.

8.COMISIÓN AVALIADORA.

A comisión avaliadora estará composta polo alcalde-presidente da corporación municipal, como presidente, como vogais a traballadora social, a concelleira delegada de asuntos sociais e un funcionario de administración xeral, actuando como secretario o Secretario-Interventor.

9. RESOLUCIÓN.

O órgano competente para a concesión das axudas será a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención municipal. O acordo ou denegación será motivado, quedando constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte. As axudas concedidas serán notificadas individualmente e serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello.

Oourol, 1 de xullo de 2020.- O alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 1539

VIVEIRO

Anuncio

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de maio de 2020 establece un novo prazo de un mes para a presentación de solicitudes de subvención para a rexeneración e renovación urbana na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro (Fase XVII). Este prazo comezará a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. A presentación de solicitudes realizarase con arranxo ás Bases e á convocatoria publicadas no BOP o día 17 de xaneiro de 2020.

Viveiro a 14 de xullo de 2020.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 1540

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía, procédese á seguinte CONVOCATORIA:

Son obxecto da presente convocatoria a selección de persoal laboral temporal mediante a modalidade de contrato laboral eventual por circunstancias da produción, ao amparo do Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería Do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, para a contratación de tres condutores de motobomba non incluídos no cadro de persoal do Concello.

Visto o art. 11 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) polo que se establece que “*é persoal laboral o que en virtude de contrato de traballo formalizado por escrito, en calquera das modalidades de contratación de persoal previstas na lexislación laboral, presta servizos retribuídos polas Administracións Públicas. En función da duración do contrato este poderá ser fixo, por tempo indefinido ou temporal*”.

Visto o artigo 55.1 do TREBEP que sinala que “*todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico*”.

Visto o artigo 55.2 do TREBEP que preceptúa que *“as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:*

- a) *Publicade das convocatorias e das súas bases.*
- b) *Transparencia.*
- c) *Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.*
- d) *Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.*
- e) *Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.*
- f) *Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”.*

Visto o artigo 61.1 do TREBEP que dispón que *“os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrència, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste Estatuto”.*

Visto o artigo 57 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, referentes aos sistemas aplicables á selección de persoal funcionario de carreira e persoal laboral fixo.

Visto o artigo 35.1 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, establece que *“[...] poderán proceder á contratación de persoal laboral non permanente para a realización de traballos que non poidan ser atendidos por persoal laboral fixo, [...]”.*

Os ditos contratos celebraranse conforme aos principios de mérito e capacidade, e axustándose ás normas de xeral aplicación na contratación deste tipo de persoal laboral e de acordo cos criterios de selección que se determinen [...]”.

Tendo en conta o informe de data 16 de xullo de 2020 do Responsable do Departamento de Persoal deste Concello, que consta neste expediente.

Tendo en conta que a contratación de persoal en base ao convenio referido se realiza para cubrir servizos prioritarios do Concello co obxectivo de acadar un funcionamento eficaz dos servizos prioritarios en cuestión, e con fundamento en criterios de economía e eficacia, constátase a necesidade de convocar os postos que a continuación se relacionan, para cubrir mediante a modalidade de contrato temporal eventual por circunstancias da produción os seguintes postos:

Nº EMPREGOS	DENOMINACIÓN	XORNADA	RELACIÓN LABORAL
3	Condutores de motobomba	100%	Contrato temporal (modalidade contrato temporal eventual por circunstancias da produción).

Con fundamento no exposto con anterioridade e en uso das atribucións que me confire o e o artigo 21.1.g da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Convocar o proceso selectivo, mediante o sistema de concurso de mérito, de carácter aberto.

SEGUNDO.- Aprobar as bases xerais, e o seu anexo, que rexerán os procesos selectivos para o ingreso, con carácter temporal, nos postos de traballo laborais do Concello de Viveiro, para prestar servizos mediante a modalidade de eventual por circunstancias da produción.

TERCEIRO.- Aprobar as bases específicas que rexerán o proceso selectivo, mediante o sistema libre de concurso de valoración de méritos para o ingreso, con carácter temporal, dos postos de traballo denominados: 3 Condutores de motobomba (réxime xurídico: laboral, mediante a modalidade de contrato temporal eventual por circunstancias da produción).

CUARTO.- Ordenar a publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. As bases e anexo publicaranse na páxina web do Concello (www.viveiro.es), e no taboleiro de anuncios dixital.

QUINTO.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Persoal para o seu coñecemento e efectos.

Viveiro, 17 de xullo de 2020.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

XERMADE

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO POLO QUE SE DESENVOLVE O RÉXIME DE CONTROL INTERNO SIMPLIFICADO DA ENTIDADE LOCAL

O Pleno do Concello de Xermade aprobou inicialmente o regulamento polo que se desenvolve o réxime de control interno simplificado da entidade local na sesión ordinaria celebrada o 16/04/2020. O anuncio de aprobación inicial foi publicado no BOP nº 108 o 13/05/2020.

Ao non se presentaren reclamacións durante o prazo de exposición pública, queda automaticamente elevado a definitivo o dito acordo plenario.

Consonte ao disposto no artigo 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de bases do réxime local, faise público o texto íntegro do regulamento para xeral coñecemento, facendo constar que contra a aprobación definitiva pode interpoñerse recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses contados a partires da data de publicación no Boletín Oficial da Provincia.

“REGULAMENTO POLO QUE SE DESENVOLVE O RÉXIME DE CONTROL INTERNO SIMPLIFICADO DA ENTIDADE LOCAL

O control interno, regulado no artigo 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e desenvolvido polo Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, é o exercido nas Entidades Locais respecto da súa xestión económica, e, no seu caso, a dos organismos autónomos e das sociedades mercantís delas dependentes, na súa tripla acepción de función interventora, control financeiro e controis de eficacia e eficiencia.

Dacordo co recollido no artigo 3 do referido Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local e en consonancia co recollido no artigo 214 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o obxecto da función interventora será controlar os actos da Entidade Local e dos seus organismos autónomos, calquera que sexa a súa cualificación, que dean lugar ao recoñecemento de dereitos ou á realización de gastos, así como os ingresos e pagos que deles se deriven, e o investimento ou aplicación en xeral dos seus fondos públicos, co fin de asegurar que a súa xestión se axustá ás disposicións aplicables en cada caso.

Pola súa banda, de conformidade co disposto no artigo 29 do referido Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, o obxecto do control financeiro, exercido mediante control permanente e auditoría pública será verificar o funcionamento dos servizos, e organismos autónomos, no aspecto económico financeiro para comprobar o cumprimento da normativa e directrices que os rexen e, en xeral, que a súa xestión se axusta aos principios de boa xestión financeira, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira no uso dos recursos públicos locais.

No entanto, dacordo co artigo 39 e seguintes do citado Real Decreto 424/2017, de 28 de abril e en atención á heteroxeneidade que impera no ámbito local, as Entidades Locais que se atopen incluídas no ámbito de aplicación do modelo simplificado de contabilidade local, como é o caso desta Corporación, poderán igualmente elixir aplicar un réxime de control simplificado, de maneira que exercerán plenamente o exercicio da función interventora, sendo potestativo o control financeiro, coa soa obriga de levar a cabo a auditoría de contas anual e aquelas actuacións que deriven dunha obriga legal.

A citada normativa débese considerar de mínimos, reguladora do réxime xeral aplicable ao exercicio do control interno nas Entidades Locais.

Neste sentido, e do mesmo xeito que procede a Administración Xeral do Estado a través da súa Intervención Xeral, establécese polo Pleno da , e mediante o presente Regulamento, as normas básicas para o axeitado exercicio das funcións do control interno e a elección do réxime de control simplificado recollidos no Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local; atendendo sempre ao principio de plena autonomía dos órganos de control respecto das autoridades e órganos controlados.

Así, co fin de dispor dun modelo de control eficaz en virtude do artigo 3.3 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, e en virtude do principio de autoorganización e potestade regulamentaria recoñecido no artigo 4 da Lei 7/1985, de 2 de abril ás Entidades Locais territoriais, co presente Regulamento esta Entidade Local pretende a mellora nos mecanismos de xestión e control interno, en aras dunha maior eficacia.

TITULO I. DISPOSICIÓNS COMÚNS

ARTIGO 1.- Obxecto e ámbito de aplicación.

Constitúe o obxecto desta norma a regulación das funcións de control interno respecto da xestión económico-financiera e os actos con contido económico da Entidade Local, en base aos preceptos sobre control e fiscalización contidos no capítulo IV correspondente ao título V do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o

Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

Así, o presente Regulamento será de aplicación a esta Entidade Local.

ARTIGO 2.- Atribución das funcións de control.

As funcións de control interno deste Entidade Local exerceranse pola Intervención mediante o exercicio da función interventora e o control financeiro coa extensión e efectos que se determinan nos artigos seguintes.

ARTIGO 3.- Formas de exercicio.

1. A función interventora ten por obxecto controlar os actos da Entidade Local e dos seus organismos autónomos, calquera que sexa a súa cualificación, que dean lugar ao recoñecemento de dereitos ou á realización de gastos, así como os ingresos e pagos que deles se deriven, e o investimento ou aplicación en xeral dos seus fondos públicos, co fin de asegurar que a súa xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

2. O control financeiro ten por obxecto verificar o funcionamento dos servizos, organismos autónomos e sociedades mercantís dependentes, no aspecto económico financeiro para comprobar o cumprimento da normativa e directrices que os rexen e, en xeral, que a súa xestión se axusta aos principios de boa xestión financeira, comprobando que a xestión dos recursos públicos se atopa orientada pola eficacia, a eficiencia, a economía, a calidade e a transparencia, e polos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira no uso dos recursos públicos locais.

Este control financeiro, por aplicarse nesta Entidade Local o réxime de control simplificado recollido no artigo 39 e seguintes do citado Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, exercerase de maneira potestativa, coa soa obriga de levar a cabo a auditoría de contas anual e aquelas actuacións que deriven dunha obriga legal.

3. Da mesma maneira corresponde á Intervención a elaboración e aprobación das Instrucións necesarias para o axeitado exercicio das funcións de control interno; e de maneira particular, a determinación dos métodos, forma e alcance tanto do control posterior pleno en supostos de fiscalización previa limitada de gastos, como do control financeiro en supostos de fiscalización posterior de ingresos.

ARTIGO 4. Principios de exercicio do control interno.

1. A Intervención, no exercicio das súas funcións de control interno, estará sometida aos principios de autonomía funcional e procedemento contraditorio.

2. O órgano interventor exercerá o control interno con plena autonomía respecto das autoridades e demais entidades cuxa xestión sexa obxecto do mesmo. A tales efectos, os funcionarios que o realicen terán independencia funcional respecto dos titulares das entidades controladas.

Aínda que se deberá dar conta aos órganos de xestión controlados dos resultados máis relevantes tralas comprobacións efectuadas e recomendará as actuacións que resulten aconsellables. De igual modo, dará conta ao Pleno dos resultados que pola súa especial transcendencia considere axeitado elevar ao mesmo e informáralle sobre a situación da corrección das debilidades postas de manifesto, con expresa mención do grao de cumprimento dos apartados anteriores deste artigo.

ARTIGO 5. Dos deberes do órgano de control.

1. Os funcionarios que exerzan a función interventora ou realicen o control financeiro deberán gardar o debido sigilo con relación aos asuntos que coñezan no desempeño das súas funcións.

Así, os datos, informes ou antecedentes obtidos no exercicio do control interno só poderán utilizarse para os fins asignados ao mesmo e, no seu caso, para formular a correspondente denuncia de feitos que poidan ser constitutivos de infracción administrativa, responsabilidade contable ou penal.

Igualmente deberán facilitar o acceso aos informes de control naqueles casos nos que legalmente proceda. En defecto de previsión legal, a solicitude dos mesmos deberá dirixirse directamente ao xestor directo da actividade económico-financieira controlada.

2. Cando na práctica dun control o órgano interventor actuante aprecie que os feitos acreditados ou comprobados puidesen ser susceptibles de constituír una infracción administrativa ou dar lugar á esixencia de responsabilidades contables ou penais, porao en coñecemento do órgano competente, dacordo coas regras que se establecen no artigo 5.2 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

ARTIGO 6. Das facultades do órgano de control.

O órgano interventor poderá facer uso, no exercicio das súas funcións de control, do deber de colaboración, da facultade de solicitar asesoramento, da defensa xurídica e da facultade de revisión dos sistemas informáticos de xestión; así como solicitar directamente das distintas áreas ou unidades da Entidade Local os asesoramentos xurídicos e os informes técnicos que considere necesarios, os antecedentes e documentos precisos para o exercicio das súas funcións de control interno, con independencia do medio que o soporte.

Igualmente poderá solicitar a través do Alcalde-Presidente da Entidade, o asesoramento e informe dos Servizos de Asistencia Municipal e dos órganos competentes da Deputación de Lugo ou solicitar o asesoramento da Intervención Xeral da Administración do Estado coa subscripción do correspondente Convenio.

TÍTULO II. DA FUNCIÓN INTERVENTORA

CAPÍTULO I. Do exercicio da función interventora.

ARTIGO 7. Das distintas fases da función interventora.

1. A función interventora ten carácter interno e preventivo e ten por obxecto garantir, en todo caso e para cada acto, o cumprimento das normas relativas á disciplina orzamentaria, aos procedementos de xestión de gastos, ingresos e aplicación dos fondos públicos.

O exercicio da función interventora comprenderá as seguintes fases:

- a) A fiscalización previa dos actos que recoñezan dereitos de contido económico, autoricen ou aproben gastos, dispoñan ou comprometan gastos e acorden movementos de fondos e valores.
- b) A intervención do recoñecemento das obriga e intervención da comprobación material do investimento.
- c) A intervención formal da ordenación do pago.
- d) A intervención material do pago.

2. A función interventora exerceráse nas súas modalidades de intervención formal e material.

A intervención formal consistirá na verificación do cumprimento dos requisitos legais necesarios para a adopción do acordo mediante o exame de todos os documentos que preceptivamente deban estar incorporados ao expediente.

A intervención material comprobará a real e efectiva aplicación dos fondos públicos.

ARTIGO 8. Do contido da función interventora.

1. A función interventora exerceráse ben como fiscalización previa ben como intervención previa.

A **fiscalización previa** examinará, antes de que se dite a correspondente resolución, todo acto, documento ou expediente susceptible de producir dereitos ou obrigas de contido económico ou movemento de fondos e valores, co fin de asegurar, segundo o procedemento legalmente establecido, a súa conformidade coas disposicións aplicables en cada caso. O exercicio da función interventora non atenderá a cuestións de oportunidade ou conveniencia das actuacións fiscalizadas.

A **intervención previa** da liquidación do gasto ou recoñecemento de obriga comprobará, antes de que se dite a correspondente resolución, que as obrigas se axustan á lei ou aos negocios xurídicos subscritos polas autoridades competentes e que o acreedor cumpriu ou garantiu, no seu caso, o seu correlativa prestación. A intervención da comprobación material do investimento axustarase ao establecido no artigo 29 deste Regulamento.

A intervención **formal** da ordenación do pago verificará a correcta expedición das ordes de pago.

A intervención **material** do pago verificará que devandito pago se dispuxo por órgano competente e realízase en favor do perceptor e polo importe establecido.

CAPÍTULO II. Do procedemento para o exercicio da función interventora sobre os dereitos e ingresos

ARTIGO 9. Fiscalización previa de dereitos e ingresos.

1. A fiscalización previa dos dereitos e ingresos da Tesouraría substitúese polo control inherente á toma de razón en contabilidade e o control posterior exercido mediante o control financeiro, tal e como autoriza o artigo 9 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril.

2. Esta fiscalización exerceráse en dous momentos diferentes:

- A toma de razón na contabilidade da Entidade Local ou dos seus organismos autónomos, dos actos xeradores de dereitos e ingresos na Tesouraría.
- Mediante actuacións de control financeiro que deben realizarse con carácter posterior.

3. A toma de razón de contabilidade efectuarase á vista de toda operación de xestión económico-orzamentaria, mediante a incorporación ao sistema de información contable a través dos documentos contables correspondentes.

Así, cada área ou servizo da Entidade Local iniciará o correspondente expediente que fará chegar á Intervención, seguindo o iter procedimental habitual para a súa toma de razón en contabilidade.

O órgano interventor efectuará a verificación e contabilización dos documentos contables no prazo de dez días hábiles desde que os mesmos cheguen ás dependencias. A estes efectos, o cómputo do prazo citado iniciarase ao día seguinte á data de recepción dos documentos contables e unha vez se dispoña da totalidade dos documentos necesarios.

4. O exercicio do control posterior ou financeiro levará a cabo mediante técnicas de auditoría e mostraxe.

a) Estas actuacións comprobatorias posteriores teñen por finalidade asegurar que a xestión económico-financieira dos dereitos e ingresos públicos se axusta ás disposicións aplicables en cada caso.

As actuacións a levar a cabo deberán verificar en calquera caso:

- O cumprimento da legalidade tanto nos procedementos de xestión que dean lugar ao recoñecemento, liquidación, modificación ou extinción de dereitos, como na realización de calquera ingreso público.
- Que o dereito económico é recoñecido e liquidado polo órgano competente e dacordo coas normas en cada caso aplicables.
- Que o importe é o correcto, tendo en conta as posibles causas da modificación do mesmo, como os adiamentos e fraccionamentos das débedas liquidadas ou os feitos que poidan dar lugar á extinción do dereito.
- Que os ingresos se realizaron nas caixas ou contas correntes das entidades de depósito debidamente autorizadas, dentro dos prazos legalmente establecidos e pola contía debida.
- Que o pagador é o correcto, examinando, no seu caso, os supostos de derivación de responsabilidade.
- Que todos os dereitos e/ou operacións susceptibles de ser contabilizadas estéano no concepto axeitado e polo importe correcto.

Ademais dos extremos detallados no parágrafo anterior, para os seguintes casos deberá verificarse igualmente:

- **Reintegro de Pagos Indevidos:**

Que os motivos e a súa procedencia son correctos, detallando operación, motivo, importe e unidade ou área xestora.

- **Taxas ou Prezos Públicos por prestación de servizos ou realización dunha actividade:**

Que a prestación do servizo ou realización de actividade está efectivamente autorizada polo órgano competente.

Que as liquidacións e/ou autoliquidacións correspóndense cos suxeitos pasivos que realizaron de forma efectiva o feito imponible.

- **Taxas por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público:**

Que a utilización ou aproveitamento están efectivamente autorizadas polo órgano competente.

Que as liquidacións e/ou autoliquidacións correspóndense cos suxeitos pasivos que realizaron de forma efectiva o feito imponible.

- **Fianzas:**

Que se distingan nos diferentes conceptos de fianzas, tanto o terceiro como o importe entregado polos mesmos como garantía.

Que as que se constitúen como garantías definitivas se depositen con anterioridade á sinatura do contrato e que as garantías provisionais se devolvan simultánea ou posteriormente ao depósito das definitivas ou se devolven en caso de non adxudicación.

b) Dita verificación realizarase sobre una mostra representativa dos actos, documentos ou expedientes de contido económico, orixe do recoñecemento ou liquidación de dereitos.

Como norma xeral, determinaranse os expedientes que se deben examinar mediante a aplicación dos procedementos de mostraxe ou métodos de selección de mostraxas que se establecen a continuación, de acordo con Norma Internacional de Auditoría 530, Mostraxe de Auditoría, NIA-É 530 (adaptada para a súa aplicación en España mediante Resolución do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, de 15 de outubro de 2013):

- A selección aleatoria (aplicada a través de xeradores de números aleatorios; por exemplo, mediante táboas de números aleatorios).
- A selección sistemática, a cal consiste en dividir o número de unidades de mostraxe da poboación polo tamaño da mostra para obter un intervalo de mostraxe, por exemplo 50, e determinando un punto de partida dentro das primeiras 50, selecciónase a continuación cada quincuaxésima unidade de mostraxe. Aínda que o punto de partida se pode determinar de forma incidental, é máis probable que a mostra sexa verdadeiramente aleatoria se se determina mediante unha ferramenta informática para a xeración de números aleatorios ou mediante táboas de números aleatorios. En caso de recorrer á selección sistemática, o auditor tería que verificar que as unidades de mostraxe da poboación non estean estruturadas de tal modo que o intervalo de mostraxe corresponda a un determinado patrón da poboación.
- A mostraxe por unidade monetaria é un tipo de selección ponderada polo valor na que o tamaño, a selección e a avaliación da mostra teñen como resultado una conclusión en valores monetarios.

- A selección incidental, na cal o auditor selecciona a mostra sen recorrer a unha técnica estruturada. Aínda que non se utilice una técnica estruturada, o auditor evitará, no entanto, calquera rumbo consciente ou previsibilidade (por exemplo, evitar seleccionar elementos de difícil localización, ou seleccionar ou evitar sempre os primeiros ou últimos rexistros dunha páxina) e, en consecuencia, tentará asegurarse de que todos os elementos da poboación teñan posibilidade de ser seleccionados. A selección incidental non é adecuada en caso de mostraxe estatística.

- A selección en bloque, a cal implica a selección dun ou de varios bloques de elementos contiguos da poboación. Xeralmente, a selección en bloque non se pode utilizar na mostraxe estatística debido a que a maioría das poboacións estrutúranse de forma que os elementos dunha secuencia teñan presumiblemente características similares entre eles e diferentes das doutros elementos da poboación. Aínda que nalgunhas circunstancias o exame dun bloque de elementos pode ser un procedemento de auditoría axeitado, de cando en cando será una técnica de selección de mostrax axeitada se o auditor tenta realizar, sobre a base da mostra, inferencias válidas para a poboación enteira.]

c) Das comprobacións efectuadas con posterioridade o órgano interventor deberá emitir informe escrito no que fará constar cantas observacións e conclusións se deduzan das mesmas.

5. Sen perxuízo do establecido nos apartados anteriores, a substitución da fiscalización previa dos dereitos e ingresos da Tesouraría polo control inherente á toma de razón en contabilidade e o control posterior non alcanzará á fiscalización de:

a) Os actos de ordenación e pago material derivados de devolucións de ingresos indebidos.

